

# Recomendacións básicas para o profesorado



Aulas Galegas-Intelixencia Emocional



**"Non son os máis fortes da especie os que sobreviven, nin os máis intelixentes. Sobreviven os máis flexibles e adaptables ao cambio "**



**Charles Darwin**

# O PROFESORADO



O labor do profesorado, desde que se declarou o estado de alarma, é admirable e digno de mención. En poucas horas tivo que adaptarse a estas novas circunstancias, pasando nun fin de semana da docencia presencial á docencia virtual.

# O PROFESORADO



Valorar a dedicación dos e das docentes do noso país, que en poucas horas conseguiu desenvolver unha estrutura axeitada, para poder impartir contidos e comunicar co seu alumnado.

O mesmo ocorre co estudiantado, que dun día para outro foi confinado no seu domicilio, tendo que adaptarse a circunstancias moi variadas e nada habituais, e obrigado a seguir as clases desde casa.

# ENTENDER O QUE PASA

O paso dun sistema presencial a un sistema en liña, significa:

- **Consecuencias da situación**
  - no profesorado
  - no alumnado
  - nas familias
- **Recomendacións básicas**
  - **Xestionar a comunicación**
  - **Protocolo "Como estás?"**



# CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN NO PROFESORADO

---

Ocasionalmente podese producir carga excesiva de traballo e estrés sobrevido pola inmediatez da situación.



## CAMBIOS. 1

O paso dun sistema presencial a un sistema en liña, significa:

- Adaptación dos materiais de estudo.
- Cambio de metodoloxía.
- Envío desproporcionado de tarefas e actividades aos e ás estudantes.
- Cambio do sistema de comunicación co alumnado.
- Falta de control sobre a situación de cada alumno/a nas casas.

# CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN NO PROFESORADO

Ocasionalmente podese producir carga excesiva de traballo e estrés sobrevido pola inmediatez da situación.



## CAMBIOS. 2

O paso dun sistema presencial a un sistema en liña, significa:

- O feedback, o intercambio directo co alumnado reséntese.
- O material e os recursos preparados nas programacións anuais son difícilmente adaptables.

# CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN NO ALUMNADO

---

Ocasionalmente pódese producir carga excesiva de traballo e estrés sobrevido pola inmediatez da situación.



## CAMBIOS. 1

O paso dun sistema presencial a un sistema en liña, significa:

- O alumnado non se atopa na aula.
- Non hai un profesor ou profesora diante que explique a lección que deben aprender, nin un encerado cheo de frases, ecuacións ou diagramas...
- Bota de menos a presenza dos seus compañeiros/as



# CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN NO ALUMNADO

---

Ocasionalmente pódese producir carga de traballo e estrés sobrevido pola inmediatez da situación

## CAMBIOS. 2

O paso dun sistema presencial a un sistema en liña, significa:

- Non hai horario de clase.
- Non hai horas de descanso, nin recreos onde divertirse e falar cos compañeiros/as.



# CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN NAS FAMILIAS

---

Ocasionalmente pódese producir carga de traballo e estrés sobrevido pola inmediatez da situación



## CAMBIOS

O paso dun sistema presencial a un sistema en liña, significa:

- Non hai horario de clase
- As familias atopanse co colexio na casa
- Moitas familias non teñen maneira de axudar os seus fillos/as
- Non todas as familias teñen os recursos que de repente esiximos:
  - conexión a internet,
  - ordenador individual para o neno/a,
  - espazos,
  - tempo..

# RECOMENDACIONES BÁSICAS



Neste novo escenario temos que racionalizar a práctica pedagóxica de tal maneira que non discurra de forma arbitraria. Co obxectivo de non sobrecargar con actividades ao alumnado.

Ser flexible, respetuosos e receptivos cos nenos e nenas.

Ofrecerlles apoio para que se sintan acompañados polos seus profes.

Establecer rutinas que permitan un esquema de traballo adaptado á situación.


# Recomendacións

- Transmitir **calma** ao voso alumnado.  
Recordade que: "As actividades que programedes serán xenéricas relacionadas cos contidos curriculares, pero **non terán carácter de avaliacións**"
- **Comunicar** con eles/elas para que sintan que están acompañados/as no proceso de ensinanza
- Fixar **obxectivos claros** das propostas que lles fagades.
- **Limitar** as tarefas.
  - Se saturamos ao alumnado con moitas tarefas recibiremos o estrés do alumnado e das súas familias.
- Coidar a **calidade** das actividades. **Menos cantidade e maior calidade.**



# Recomendacións

- Personalizar os materiais para o voso grupo de alumnos e alumnas
  - Non todos os materias serven para todos.
  - Pensade que non podedes comunicar con eles en todo momento, e non sabedes se entenden ou non o que teñen que facer.
- Centrarse nos puntos importantes e nos temas clave.



# Recomendacións

- As **instruccións** que proporcionemos deben ser **claras e comprensivas**.
  - Os nosos alumnos non nos teñen diante.
- Pensa que a maioría dos e das estudantes non teñen profesores/as ao seu carón que os acompañen, e que moitas familias non poden axudalos.



# Recomendacións

- Pensade que a vosa asignatura no é a única que ten o alumno/a.
- Comunicádevos, de ser posible, co resto do profesorado do grupo de alumnos/as, para coordinar as actividades que lles mandedes.



# XESTIÓN DA COMUNICACIÓN



Para unha boa convivencia non pode fallar a comunicación, o noso alumnado necesita atopar respostas, aclarar dúbidas, solucionar problemas.

Pensade que neste momento non estades, con eles/elas, para resolver as dúbidas de maneira inmediata...



# A COMUNICACIÓN CO NOSO ALUMNADO

Transmite tranquilidade e  
normalidade ao teu  
alumnado



O confinamento na casa durante varios días, provoca problemas de convivencia e malestar psicológico.

Os nenos e nenas están inundados de emocións estes días. **Facítalle as cousas.**

Axúdalle a xestionar e planificar os momentos de estudo, e tamén a **divertirse**. Podes ser de gran axuda.

**Sexamos creativos, flexibles e respectuosos.**

# A COMUNICACIÓN CO NOSO ALUMNADO

---

Transmite tranquilidade e  
normalidade ao teu  
alumnado



## Recomendacións

- Práctica a empatía e a escoita activa cando comuniques co alumnado.
  - Necesita respostas e ti podes axudar.
- Procura comunicar con eles para que se sintan acompañados/as.
- A comunicación fluida pode axudar a motivalos, favorece e estimula o traballo.
- Coida a comunicación cos e coas alumnas.
  - As situacións, nalgunhas casas, poden ser moi sensibles e complicadas.

# A COMUNICACIÓN CO ALUMNADO

Transmite tranquilidade e normalidade ao teu alumnado



## PROTOCOLO "COMO ESTÁS?"

1. Divide o número de alumnos entre o número de docentes. A cada docente asignaselle un número proporcionado.

2. Cada docente pónse en contacto 2-3 veces por semana con cada alumno, polo medio que desexe.

3. COMO ESTÁS?  
COMO ESTÁ A TUA FAMILIA?  
COMO ESTÁN TEUS AVÓS?


4. A QUE DEDICAS O TEU TEMPO?  
QUE RUTINAS TES?

5. QUE TAREFAS ESCOLARES ESTÁS A REALIZAR?  
QUE OBSTÁCULOS ATOPAS?  
COMO PODEMOS AXUDAR DESDE O COLEXIO?

6. Reunións virtuais entre os docentes para compatir.

@mr\_rookes

Ilustrador: David González Gándara.



Cando se inicia un illamento preventivo, non só temos que entender a situación social, é importante entender o que nos está pasando e normalizar tanto as emocións propias como as das persoas que nos rodean.

Os nenos e nenas séntense tranquilos cando contan coa protección e a axuda das familias, dos coidadores, dos e das profesoras, sobre todo nos momentos nos que o mundo parece menos seguro que nunca.